

# Imaxinario e oficio

Poesía O último poemario de X. M. Álvarez Cáccamo

Vento de sal ·

Xosé María Álvarez

Cáccamo · Galaxia,

2008 · 116 páx · 11,50

euros



O poeta traballa coas sombras. Apaña as substancias que a memoria arquivou e con elas elabora unha visión do pasado. É, pois, *avant la lettre*, un artista plástico. As pedras da lembranza, aquelas que foron sometidas a decantación polo transcurso do tempo, son os materiais con que a sensibilidade do poeta constrúe o texto. Deste modo os poemas devéñen sombras que o lóstrego da memoria proxecta no papel, pantalla oportuna, para o noso goce de espectadores: "Nunca / esquezamos a luz, a luz rarísima / que entraba polas fendas do faiado, / o que fica en min aínda lóstrego." En *Vento de sal* referénciase así a recuperación poética do pasado, do que en rigor só se alcanza a ver no seu perfil sombrío, imposible de revivir para alén de nun sentimento perenne.

Nesta liña recordadora o libro ofrece *flashes* da infancia, da nai ("A miña nai quebrada, brinquedo de latón, / contra os muros do mar"), do pai ("Eu nunca chego a tempo / para darlle compañía nin xantar / a este home remoto / que di ser o meu pai"), das primeiras experiencias eróticas ("Ela era / azougue clandestino, un corpo que pasou / atravesando as órbitas da lúa"), das tardes de domingo ou os areais e os seus ventos que tiñan un valor escuro para o rapaz sensible mais inseguro ("Non sei saír do vidro / derretido de agosto").

Logo dun imaxinario tan rico como este vén o oficio. A pericia que fai que *Vento de sal* conteña moitos outros versos que tamén han traspasar necesariamente a



Xosé María Álvarez Cáccamo. // Emma Bouzón

peneira do tempo: "Traba / con dentes de metal opaco a insidia / das industrias criminais do tempo."; "A cortiza dolorosa, o crecemento / animal das carabuñas"; "Peixes verdes en unánime desfile, dirixido / pola orde secreta / das vibracións do ar"... Son versos de máxima suxestión e corpo mínimo, condensación ben pouco habitual neste tempo de confesión íntima e narración superficial de experiencias en que o poético semella un capricho inxustificable para engordar o xénero literario. Porque para

facer poesía non chega con ter vivido, senón que é preciso mostrar a Verdade do vivido como "un tremor de nostalxia sen volume". A tristeza, ese tóxico pendurado do poeta, non é un capricho da Tradición senón un modo de aproximarnos do inaprensible: o noso destino é chegarmos a acordar o "perfeito suicida" que agarda por nós "no derradeiro andar". Aquel que acompaña o poeta desde sempre e do que este declara: "El deixou unha nota / que avisaba / da miña tristura." // **Alfredo Ferreiro**